

I. DISPOSICIÓN XERAIS**MINISTERIO DA PRESIDENCIA, RELACIÓNS COAS
CORTES E IGUALDADE**

6300 *Real decreto 313/2019, do 26 de abril, polo que se modifica Real decreto 872/2017, do 29 de setembro, polo que se fixa a cadro de persoal da Garda Civil para o período 2017-2021.*

O artigo 25.1 da Lei 29/2014, do 28 de novembro, de réxime do persoal da Garda Civil, establece que o cadro de persoal do dito corpo en situación de activo se axustará aos créditos establecidos nas leis de orzamentos xerais do Estado. Así mesmo, o mencionado artigo recolle no seu punto 2 que o Consello de Ministros, por proposta conxunta dos ministros de Defensa e do Interior, fixará, con vixencia para períodos de catro anos cada un, o cadro de persoal regulamentario para os distintos empregos e escalas, excepto os correspondentes ao primeiro emprego de cada escala, cuxos efectivos serán os que resulten da provisión anual de prazas.

O Real decreto 872/2017, do 29 de setembro, polo que se fixa o cadro de persoal da Garda Civil para o período 2017-2021, establece o cadro de persoal regulamentario para os distintos empregos e escalas do corpo da Garda Civil e determina os efectivos máximos nas situacións administrativas de servizo activo e suspenso de funcións para o período desde o 1 de xullo de 2017 ata o 30 de xuño de 2021.

Co obxecto de optimizar a actual proporción e encadramento entre os oficiais xenerais, e sempre mantendo invariable o número máximo destes empregos previstos no Real decreto 872/2017, do 29 de setembro, cómpre incrementar nunha a dotación do cadro de persoal de xenerais de división, diminuindo para iso nunha as de xeneral de brigada.

En canto ao seu contido e tramitación, este real decreto observa os principios de necesidade, eficacia, proporcionalidade, seguranza xurídica, transparencia e eficiencia, exixidos como principios de boa regulación polo artigo 129 da Lei 39/2015, do 1 de outubro, do procedemento administrativo común das administracións públicas.

Por último, en cumprimento do disposto no artigo 54 da Lei orgánica 11/2007, do 22 de outubro, reguladora dos dereitos e deberes dos membros da Garda Civil, este real decreto foi sometido ao informe do Consello da Garda Civil.

Na súa virtude, por proposta dos ministros do Interior e de Defensa, coa aprobación previa da ministra de Política Territorial e Función Pública, de acordo co Consello de Estado, e logo de deliberación do Consello de Ministros na súa reunión do día 26 de abril de 2019,

DISPOÑO:

Artigo único. *Modificación do punto 1 do artigo 1 do Real decreto 872/2017, do 29 de setembro, polo que se fixa o cadro de persoal da Garda Civil para o período 2017-2021.*

O cadro que contén o punto 1 do artigo 1 do Real decreto 872/2017, do 29 de setembro, polo que se fixa o cadro de persoal da Garda Civil para o período 2017-2021, no que se refire aos empregos da escala de oficiais, queda da seguinte maneira:

Escala	Emprego	2017/2018	2018/2019	2019/2020	2020/2021
Oficiais	Tenente xeneral	4	4	4	4
	Xeneral de división	7	8	8	8
	Xeneral de brigada	23	22	22	22
	Coronel	117	117	120	124
	Tenente coronel	217	217	220	225
	Comandante	256	277	302	322

Disposición derradeira única. *Entrada en vigor.*

Este real decreto entrará en vigor o mesmo día da súa publicación no «Boletín Oficial del Estado».

Dado en Madrid o 26 de abril de 2019.

FELIPE R.

A vicepresidenta do Goberno e ministra da Presidencia,
Relacións coas Cortes e Igualdade,
CARMEN CALVO POYATO